



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE OUTUBRO DE 2013

LICENZAS

LIC/1042/2013.- LUIS ALBERTO ACEITUNO OTERO.- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda familiar e edificación anexas na rúa Sar, 13.

LIC/1356/2013.- AXENCIA TURISMO DE GALICIA.- Conceder licenza para restauración en dependencias Anexas da Casa do Deán en rúa Vilar, 1.

LIC/2424/2011.- JUAN CARLOS MOURE TEJEIRA.- Denegar a modificación da licenza de obra outorgada pola Xunta de Goberno da Cidade na sesión 23/04/2012, para execución de vivenda unifamiliar aillada na rúa Casal do Castiñeiriño.

OBRA E APERTURA

LIC/714/2013 e LAP/179/2013.- COVIRAN, S.COOP.AND.- Conceder licenza de obras de reforma de nave para venta por xunto de produtos alimenticios en Vía Edison, 66.

PRÓRROGAS

LIC/1304/2013.- CONSUELO CALVO NOYA.- Prórroga da licenza concedida na Xunta de Goberno Local do 14 de setembro de 2010 para construción dunha vivenda unifamiliar no BARRIO GUADALUPE.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/ 833/2012.- CARMEN FERNÁNDEZ GARABALLIC/1239/2009 600 €

LIC/1067/2013.- MONTELNOR SDAD COOP. GALLEGALIC/183/2012 2.400 €

LIC/1249/2013.- MARIA DEL ROSARIO REY SUAREZLIC/1191/2005 1.000 €

4.- Recepción de obras.

Subministración e instalación de equipamento para a área de xogos do Parque dos Agros de Ramírez. HPC Ibérica.

5 a 89.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

90.- Desestimación recurso especial en materia de contratación interposto no expediente de Servizo de redacción da Revisión do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1)

En relación a este recurso a XGL aprobou o seu rexeitamento a proposta da Concelleira da Area de Desenvolvemento Sostibel e Urbano á vista dos informes do Director da Area de Urbanismo e da Asesoría Xurídica. Rexéitase por falta de lexitimación activa e, subsidiariamente pola extemporaneidade na presentación do anuncio e pola falta de interporsión do recurso no prazo legalmente establecido.

91.- Autorización de traspaso das casetas NC152-153, das que é titular Mercado de Abastos de Santiago, S. Coop. G, a favor de YUKO KAYUMI para venda de produtos xaponeses.

Autorízase o traspaso.

92.- Transmisión das casetas NC250-251 a favor de CONCEPCIÓN ROUCO RAMOS por defunción do actual titular e esposo MANUEL ZAS FRANCO.

Autorízase a transmisión.

93.- Autorizando a transmisión por xubilación da caseta NC260 da que é titular Herminia Arcos Vicente a favor da súa filla MARIA JOSE ALCALDE ARCOS.

Autorízase a transmisión.

94.- Adxudicación do Subministro e instalación de céspede transitable para o acondicionamento das rúas García Lorca e Celso Emilio Ferreiro

A XGL adxudicou o subministro e instalación de céspede transitable para o acondicionamento das rúas García Lorca e Celso Emilio Ferreiro á empresa CESPAS, S.A por un importe total de 55.625,62 €. Con isto dase luz verde definitiva a unha actuación moi demandada polos veciños que ademais recolle as súas suxerencias para que teñan máis espazo para poder aparcar e co que tamén se mellora e adecenta esta zona.

95.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico, Ensanche e Igrexas das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2013.

A XGL aprobou iniciar o expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Arrendamento de equipos de iluminación pública navideña e instalación nas rúas e prazas do Casco Histórico, Ensanche e Igrexas das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2013 por un importe de licitación de 64.698,87 €.

96.- Aprobación do proxecto de modificación da Ordenanza municipal reguladora de publicidade e rotulación.

Apróbase a proposta.

97.- Proposta da concelleira delegada de Obras e Infraestructuras relativa a deixar deserta a licitación da contratación do servizo de redacción do proxecto básico e executivo e o proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde do Centro Cívico Santiago Norte e a liberación do crédito da retención realizada.

A XGL aprobou deixar deserta esta licitación da contratación do servizo de redacción do proxecto básico e executivo e o proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde do Centro Cívico Santiago Norte (que era o que iba a substituír os Centros cívicos da Almáciga e do Romaño) e aprobou tamén a liberación do crédito da retención realizada para este fin por un importe de 85.164,53 €.

98.- Proposta do concelleiro da Área de Participación Cidadá relativa á resolución das subvencións para asociacións veciñais 2013.

A XGL aprobou a proposta do concelleiro de Participación Cidadá as axudas para 43 Asociacións Veciñais por un importe total de 64.326,81 €.

99.- Proposta da alcaldía para dar conta da sinatura de diversos convenios.

A XGL aprobou a proposta da Alcaldía dar conta da sinatura de varios convenios:

-Real Sociedade de Amigos do País: 8.000 €.

-Federación de Libreiros de Galicia. 3.825 €.

-Música en Compostela. 3.825 €.

100.- Dar conta do abono do importe da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda.

Deuse conta do abono de 30.000 € por parte da Deputación da Coruña segundo o convenio entre o Concello e a Deputación para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo ou infravivenda.

101.- Dar conta da resolución da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de cesión de uso de vivenda en Conxo de Arriba nº 35.

Deuse conta á XGL da resolución da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible pola que se cede o uso dunha vivenda propiedade do Concello en favor da Fundación Andrea de apoio aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais. Isto permitirá a estancia en Santiago dos familiares de nenos que teñan que recibir unha longa atención médica hospitalaria e que teñen recursos limitados para poder estar durante moito tempo fora da súa casa.

URXENCIAS

- 1.- Adxudicación do contrato de obras de ampliación da rede de saneamento no lugar de Sarela de Ariba (A Peregrina), incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, á empresa Ponciano Nieto por importe de 83.335,75 euros.
- 2.- Adxudicación do contrato de xestión do servizo de Escola municipal de Música de Santiago de Compostela á empresa Trobeiro SL por importe de 193.0000 euros.
- 3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Sevizos sociais relativa a axuda de carácter social.
- 4.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da concesión directa da subvención á Asociación Cultural Cidade Vella. 9.180 euros.
- 5.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación da concesión directa da subvención á Casa da Troia. 3.600 euros.
- 6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración para o ano 2013 entre o Concello de Santiago de Compostela e o Centro Cultural Social Xoan XXIII – Programa Xuntos Podemos. 3.000 euros.
- 7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración para o ano 2013 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoio aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais. 3.000 euros.
- 8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais para dar conta da concesión dunha subvención da Federación española de municipios e provincias (FEMP), para o desenvolvemento do programa “*Servizo Responsable*”. 2.618 euros.
- 9.- Dar conta do recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil ISS FACILITY SERVICES SA contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela de data 1 de outubro de 2013, polo que se adxudica o contrato de Servizo de Limpeza dos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela.
- 10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á liberación de cantidade e reaxuste das anualidades 2013, 2014 e 2015 no contrato de prestación do servizo de conserxería e limpeza adxudicado á empresa Lacera Servicios y Mantenimiento, S.A.
- 11.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión directa da subvención a favor da Agrupación Deportiva El Correo Gallego. 11.700 euros.
- 12.- Dáse conta do convenio coa Fundación Formación y Empleo para aceptar un alumno en prácticas.